

O Plan Reitor de Uso e Xestión das Illas Atlánticas non garante a conservación do corvo mariño cristado

A Sociedade Galega de Ornitoloxía (SGO) e a Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) demandan á administración e sectores implicados un maior compromiso coa conservación das poboacións de aves mariñas.



Fotografía: Jorge Chachero

A zonificación e medidas de conservación propostas no Plan Reitor de Uso e Xestión son insuficientes para garantir a conservación do corvo mariño cristado, un dos principais valores do Parque Nacional e especie en perigo de extinción.

A insuficiente extensión das Zonas de Reserva e de Uso Restringido pon en perigo a esta especie, ameazada entre outros factores pola mortalidade en artes de enmalle e a sobrepesca.

Hai dez anos, as Illas incluídas no Parque Nacional Illas Atlánticas albergaban a mais de 2.000 parellas de corvo mariño cristado *Phalacrocorax aristotelis* (cormorán moñudo en castelán), o que constituía mais do 70% da poboación ibérica da especie e as convertía no **principal núcleo reprodutor da especie a escala mundial**.

A importancia da especie e das súas poboacións foi un dos principais motivos polos que no seu momento se declarou o Parque Nacional, converténdose así nun dos seus principais valores e obxectivos de conservación.

Unha década despois, a poboación é inferior ás 1.000 parellas, tendo sufrido un declive poboacional de mais do 60%. Diversos estudos ao respecto prognostican a **extinción da especie nun escaso prazo de tempo de manterse os factores de ameaza actuais**. Esta situación motiva a súa consideración actual de especie en perigo de extinción, catalogada como Vulnerable no Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

Entre os principais factores de ameaza desta especie atópanse a predación por parte do visón americano, a escaseza da súa principal fonte de alimentación (o bolo, cuxa escaseza ven motivada polo desastre do Prestige e a sobrepesca) e a mortalidade en artes de pesca como os trasmallos ou similares.

Así, a sobreexplotación e presenza de artes dañinas para a especie como os trasmallos, cada vez en maior número debido ao incremento do tamaño da flota de baixura nos últimos anos, provoca cada ano unha elevada e innegable **mortalidade** entre os corvos mariños.

Neste sentido, un dos obxectivos primordiais do PRUX debe ser o de regular a actividade pesqueira para compatibilizar a conservación e mellora do ecosistema mariño co mantemento da pesca artesanal e sostible nestas augas, asumindo a grande importancia socioeconómica destas actividades e a súa presenza tradicional nestas augas, pero sin esquecer que o principal obxectivo do parque debe ser o da conservación dos seus valores naturais. O establecemento como áreas libres de pesca ou o control do emprego de determinadas artes de emalle nas principais zonas de alimentación do corvo mariño son básicas de cara a súa conservación, compatibilizando dunha maneira racional a conservación dos valores naturais coas actividades pesqueiras tradicionais. A aplicación destas medidas de conservación é ademais unha obriga legal.

No referente á polémica xurdida respecto á regulación dos usos pesqueiros no Parque Nacional, e tendo en conta o Decreto 15/2011 de artes e as características de moitas das artes reguladas, na práctica as únicas limitacións derivadas do PRUX consisten na prohibición do rastro de vieira en Sálvora e do emprego do trasmallo na zona de protección costeira, a cal abarca unha franxa de 100 m ou 5 m de profundidade ao redor das illas. No referente á zona de protección das aves unicamente prohibese o emprego do trasmallo en horario diurno, afectando tamén á flota de vetas na ría de Arousa.

É dicir, o PRUX non pretende unha prohibición da pesca nas augas do Parque Nacional, senón a súa regulación: **non se prohíbe ningunha das artes de pesca reguladas no**

Decreto de artes de Galicia, nin se prohíbe a extracción de ningunha especie pesqueira de interese comercial.

Consideramos que as medidas expostas no Plan Reitor de Uso e Xestión proposto pola administración autonómica son insuficientes, ao reducir drasticamente as zona de protección da especie con respecto as súas principais zonas de alimentación. Así, as **zonas de reserva**, nas que se prohíbe a actividade pesqueira, supoñen unicamente o **2,7%**, o que é unha porcentaxe mínima do Parque Nacional e moi inferior á superficie realmente empregada polos corvos mariños.

Este aspecto cobra unha especial gravidade en canto estas zonas de alimentación son coñecidas e recollidas no **“Plan de Conservación del cormorán moñado en el parque nacional Illas Atlánticas”**. Neste plan defínese baixo criterios técnicos e científicos a problemática derivada do emprego indiscriminado de trasmallos nas augas do parque nacional, e trátase dun documento oficial cofinanciado e aprobado pola propia administración autonómica. A pesar disto, posteriormente foron ignoradas as súas conclusións na elaboración do PRUX, chegando posteriormente incluso a cuestionar a necesidade de ditas zonas de reserva, sen base científica e poñendo en perigo os propios valores naturais polos que foi declarado o parque nacional das Illas Atlánticas e sen os cales carecería de sentido.

Polo tanto, e asumindo que as medidas de regulación definidas no PRUX son xa insuficientes, **de ningunha maneira debería aceptarse unha redución ou aprazamento da súa aplicación**, que por outra parte é unha obriga legal contraída pola administración autonómica dende o momento no que asumiu as competencias sobre o Parque Nacional.

Dende as entidades asinantes facemos un chamamento á administración e sectores implicados na conservación do corvo mariño cristado para que colaboren na adopción das medidas necesarias para **garantir a conservación da especie e a compatibilidade dos usos existentes**. A protección do corvo mariño cristado e dos valores naturais das Illas Atlánticas non deben ser vistos como unha agresión ao sector pesqueiro, senón como unha oportunidade e unha responsabilidade do conxunto da sociedade co noso propio patrimonio natural e coas xeracións vindeiras.

Entidades asinantes:

Sociedade Galega de Ornitoloxía

Sociedade Galega de Historia Natural

Santiago de Compostela, novembro de 2011



Fotografías: David Álvarez

